



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 25 DE XUÑO DE 2013.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas e trinta minutos do día vinte e cinco de xuño do ano dous mil trece, tivo lugar en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Miguel A. Español Otero
- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Antonio Lomba Baz

Non asiste o Sr. Crespo González.

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

Lese o escrito RE 3.390 de data 21 de xuño de 2013, presentado por D. GERMAN MAURI PACHECO, en representación de A VELHA NA HORTA, con enderezo na rúa Colón, nº 2 da Guarda, solicitando autorización para dispoñer da estación de autobuses os días 26 e 27 de xullo de 2013 para levar a cabo un festival intercultural entre bandas salmantinas e guardesas. Solicitan tamén escenario e toma de corrente.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a súa solicitude posto que esta actividade coincide con actos programados co gallo das festa das Tradicións Mariñeiras.

Lese o escrito RE 3.391 de data 21 de xuño de 2013, presentado por D. GERMAN MAURI PACHECO, en representación de A VELHA NA HORTA,



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



con enderezo na rúa Colón, nº 2 da Guarda, solicitando autorización para dispoñer da estación de autobuses o día 29 de xuño de 2013 para levar a cabo un concerto. Solicitan tamén escenario e toma de corrente.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 3.167 de data 12 de xuño de 2013, presentado por D. MANUEL ALBERTO GONZÁLEZ ROMÁN, con enderezo na rúa Ramón Franco, nº 8-2º C do Rosal, solicitando autorización para dispoñer dun local municipal entre os días 24 de xuño e 26 de xullo para o desenvolvemento das actividades de ADICAE GALICIA.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a cesión dun espazo no Centro Cultural dende o día 25 de xuño e ata o final do mes de xullo.

Dase conta do escrito RE 3.272 de data 18 de xuño de 2013, presentado por DNA. M^a DEL CARMEN BARROS VIDEIRA, en representación de SOCIEDADE CULTURAL FESTAS DE SAN ROQUE, con enderezo a efectos de notificacións na rúa 1ª Transv. Longra, nº 7 da Guarda, xunto co que presentan a documentación requerida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de maio de 2013, solicitando autorización para a realización da ginkana os días 29 e 30 de xuño e a colaboración do Concello cos medios expostos no corpo do escrito.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 3.226 de data 14 de xuño de 2013, presentado por D^a. LAURA GUIANTES BATÁN, en representación de A VELHA NA HORTA, con enderezo na rúa Colón, nº 2 da Guarda, solicitando autorización para colocar a bandeira do orgullo gay no balcón do Concello os días 28, 29 e 30 de xuño.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a colocación da bandeira do orgullo gay nos días sinalados no balcón da Casa dos Alonsos.

Lese o escrito RE 3.297 de data 19 de xuño de 2013, presentado por COMISIÓN DE FESTAS DE VIRXE DO CARME, solicitando permiso para



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



levar a cabo as tiradas de fogos de artificio revistas para os días 7, 15 e 16 de xullo.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado sen perxuízo de outras autorizacións sectoriais.

Lese o escrito RE 3.408 de data 21 de xuño de 2013, presentado pr DNA. M^a ELENA BAZ RODRÍGUEZ, en representación de A. C. Grupo de Baile Xamaraina, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Oliva, nº 3 da Guarda, solicitando que se lles permita o uso dunha habitación do albergue para acoller unha noite os membros do grupo de Guimaraes que participa no festival Luso-Galaico o día 29 de xuño.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 2.559 de data 20 de maio de 2013, presentado por D^a. SUSANA M^a COSTA ACUÑA, en representación de Comunidade de Propietarios Los Castaños, con enderezo na rúa Julia Vaquero, nº 2-2ºF da Guarda, solicitando que se lle emita o recibo de auga do obxecto tributario Julia Vaquero, nº 2 correspondente o 4º trimestre de 2012 por unha media ponderada, dado que se produxo unha fuga que foi imposible detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule o recibo anterior e emita un novo para o 4º trimestre de 2012 pola media ponderada de consumo.

Lese o escrito RE 3.005 de data 6 de xuño de 2013, presentado por D. JOSE ANTONIO AMOEIRO MOSQUERA, en representación de D^a. Rosa M^a Mendez Alonso, con enderezo na rúa de Galicia, nº 56-2ºB da Guarda, solicitando que se lle emita o recibo de auga do obxecto tributario Galicia, nº 56-2ºB correspondente o 1º trimestre de 2013 por unha media ponderada, dado que se produxo unha fuga que foi imposible detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule o recibo anterior e emita un novo para o 1º trimestre de 2013 pola media ponderada de consumo.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello comunicando a sentenza dictada o 23 de maio de 2013 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación nº 4132/2013 entablado polo Concello da Guarda contra o auto dictado o 3 de decembro de 2012 polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra na peza separada de execución da sentenza nº 36/08 dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 101/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o Decreto do Alcalde da Guarda e contra o acordo da Xunta de Goberno Local de A Guarda polo que se concedeu licenzia de obras para unha vivenda unifamiliar a Dna. Montserrat Rodríguez Domínguez.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Abandona a sesión o Sr. Lomba Baz.

Lese o escrito RE 3.299 de data 19 de xuño de 2013, presentado por D^a. M^a. DEL CARMEN BAZ ALONSO, con enderezo na rúa Transv. Inguieiros, nº 1 da Guarda, solicitando que se extenda unha capa de cemento na súa rúa xa que o mal tempo do inverno deteriorou moito a vía.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que está previsto o seu formigonado e que se fará a maior brevidade posible.

PUNTO 2.- ASUNTOS TRAIOS POR CONCELLEIROS

Lese o escrito RE 3.414 de data 25 de xuño de 2013, presentado por DNA. HORTENSIA GARCIA DIAZ E D. XAN LOIS LOMBA ALONSO, CONCELLEIROS DO BNG DA GUARDA, solicitando acceso a toda a documentación relativa ao proxecto de instalación dun porto deportivo na Pasaxe e a concesión dunha lámina de auga de 20.000 m² para elo.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non existe documentación oficial polo rexistro de entrada do Concello en relación con este asunto e que deberá dirixirse ao Club Náutico de Camposancos e a Portos de Galicia para obter información.



CONCELLO
A GUARDA

(PONTEVEDRA)



PUNTO 3.- OBRAS MENORES

[Asiste o funcionario do Concello D. Jose M^a Álvarez Álvarez](#)

[A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisalo solicitante ó Concello con antelación suficiente.](#)

A D. ENRIQUE DOMÍNGUEZ MARTÍNEZ, R.E. N.º. 2.699 DE DATA 24 DE MAIO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 3º TRANSVERSAL NETOS N.º. 2 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA APERTURA DE OCO NA FACHADA EN PAREDE DE PEDRA DE 3,00 MTS. X 2,20 MTS. PARA COLOCACIÓN DE PORTAL, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 3º TRANSVERSAL NETOS N.º. 2, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N.º. 7 DO P.X.O.U.).

A D^a. CARMEN GONZÁLEZ GONZÁLEZ, R.E. N.º. 2.667 DE DATA 23 DE MAIO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE O PORTO N.º. 27-1º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REFORMA DA FACHADA CONSISTENTE EN REPICADO DA PLAQUETA EXISTENTE PARA APLACADO CON CHAPA DE PEDRA DE 3 CMS. DE ESPESOR NUNHA SUPERFICIE DE 90,00 M²., LIMPEZA DA CUBERTA E IMPERMEABILIZACIÓN DE TERRAZA CON DOBLE LÁMINA ASFÁLTICA POLIMÉRICA NUNHA SUPERFICIE DE 5,00 M². DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE O PORTO N.º. 27, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).

A D^a. ESTHER PÉREZ COSTAS, R.E. N.º. 2.855 DE DATA 30 DE MAIO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS N.º. 74 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA REFORMA DE LOCAL CONSISTENTE NA REALIZACIÓN DUN ASEO EQUIPADO CON INODORO E LAVADO, CONEXIÓN A REDE DE SUMIDOIROS, REFORMA DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA E DOTACIÓN DE ALUMEADO DE EMERXENCIA EN ASEO E LOCAL, E PINTADO DE TEITOS E PAREDES, SITO NA RÚA DE GALICIA n.º. 18-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



A D. ENRIQUE VICENTE MIRANDA, R.E. Nº. 3.115 DE DATA 10 DE XUÑO DE 2013, PARA APERTURA DE OCO PARA INSTALACIÓN DE PORTAL DE FORXA DE 3,30 MTS. SOBRE COLUMNAS DE GRANITO E RETRANQUEADO 0,60 MTS. DO PECHE ACTUAL, PARA ACCESO A FINCA SITUADA NA RÚA DE GALICIA Nº. 107, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).

A D^a. JOAQUINA LOMBA RODRÍGUEZ, R.E. Nº. 3.022 DE DATA 6 DE XUÑO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE MANUEL RODRÍGUEZ SINDE Nº. 13-1º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE CUARTO DE BAÑO CONSISTENTE EN ALICATADO DE PAREDES NUNHA SUPERFICIE DE 21,63 M². E COLOCACIÓN DE PLAQUETA EN PISO NUNHA SUPERFICIE DE 5,50 M². NA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE MANUEL RODRÍGUEZ SINDE Nº. 13-1º, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

A D^a. MARÍA CONCEPCIÓN FERREIRA ÁLVAREZ, R.E. Nº. 3.137 DE DATA 11 DE XUÑO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE BARREIRA Nº. 37 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPICADO E REXUNTADO DA FACHADA PRINCIPAL NUNHA SUPERFICIE DE 53,58 M². DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE BARREIRA Nº. 37, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D^a. MARÍA SOLMIRA RODRÍGUEZ SILVA, R.E. Nº. 2.638 DE DATA 22 DE MAIO DE 2013, E CON DOMICILIO NA AVDA. DE SAN LORENZO Nº. 14 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA PAVIMENTADO EXTERIOR NUNHA SUPERFICIE DE 145,00 M². REALIZADO EN ADOQUINS DE CEMENTO E CONSTRUCCIÓN DUNHA EDIFICACIÓN AUXILIAR CUNHAS MEDIDAS DE 3,30 MTS. DE ANCHO, 5,50 MTS. DE LARGO E UNHA ALTURA DE 2,50 MTS .PARA GARDAR FERRAMENTAS DE XARDINERÍA SITA NA AVDA. DE SAN LORENZO Nº. 14, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



A D. MANUEL RODRÍGUEZ BAZ, R.E. N.º. 2.112 DE DATA 25 DE ABRIL DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS N.º. 144 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 180,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA EXISTENTE POR OUTRA TELLA CURVA SOBRE URALITA EXISTENTE, CON REMATE DE CHIMENEAS E ALEIROS, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS N.º. 144, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA N.º. 7 DO P.X.O.U.).


A CONSTRUCCIONES RAMÓN GONZÁLEZ GONZÁLEZ, S.L., R.E. N.º. 2.940 DE DATA 4 DE XUÑO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE A CAL N.º. 138-2º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR PARTE DA CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 20,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA PLANA EXISTENTE POR CHAPAS DE URALITA CON AISLANTE DE 4 CMS. INFERIOR E POBLADO CON TELLA CURVA DO PAIS BERMELLA SUXEITA CON GANCHOS DE ACEIRO, ENCHAPADOS DOS LATERAIS CON FIBRA DE VIDRO E PINTURA DE CAUCHO; E RECRECIDO CON MORTERO DE CEMENTO DA TERRAZA PARA SANEAR HUMIDADES NUNHA SUPERFICIE DE 20,00 M²., DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE DONANTES DE SANGRE N.º. 34, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 3 DO P.X.O.U.).

A D^a. CELIA BAZ COELLO, R.E. N.º. 3.235 DE DATA 17 DE XUÑO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 7º TRANSVERSAL SOLANAS N.º. 7 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 91,50 M². CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA VELLA E COLOCAR TELLA NOVA VEEA SUXEITA CON GANCHOS DE ACEIRO INOX. E ESPUMA, MONTAR ALEIROS E CUMIOS NUNHA LONXITUDE DE 23,55 MTS. ASENTADOS EN MASA E COLA, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA PRAZA DA GUIA N.º. 19, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



PUNTO 4.- PRORROGA DE OBRAS

[Lese o escrito RE 3.333 de data 20 de xuño de 2013, presentado por D. CANDIDO ALONSO SOLLEIRO, representado por Dna. M^a DEL CARMEN BAZ PACHECO, con enderezo na rúa de Rosal, nº 62 da Guarda, solicitando prórroga de obras para a licencia 140/2012.](#)

[A Xunta de Goberno Local acorda concederlle a prórroga de obra á licencia 140/2012 por dezaoito meses.](#)

PUNTO 5.- OBRAS MAIORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumprilo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1^a OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licencia, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licencia de 1^a ocupación non permitirá a conexión ós servizos de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servizos a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licencia de 1^a ocupación.

2.- O titular da presente licencia de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licencia, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparelador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licencia caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.
- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaranse a partir do día seguinte á notificación da presente licencia.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licencia de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.

5.- As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condicións das obras en relación coas vías e servizos públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



presencia do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licenza concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.

8.- A licenza outórgase sen prexuízo de terceiros.

A D. PABLO RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, R.E. Nº. 521 DE DATA 1 DE FEBREIRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 1º TRANSVERSAL DE BECHOS Nº. 16 (BAIXO H) DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA CONSTRUCCIÓN DE "VIVENDA UNIFAMILIAR" DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA), SITA NA RÚA DE SUBIDA Ó TORROSO, S/N. (PARCELAS Nº. 24-25 DO POLÍGONO 3), EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "CASTRO-ZAMAR" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).

A D. JESÚS SOBRINO ALONSO, R.E. Nº. 1.553 DE DATA 25 DE MARZO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 1º TRANSVERSAL DE ALOQUEIRO Nº. 16 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA OBRAS DE "CONSOLIDACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN EDIFICACIÓN AUXILIAR DE CABANÓN", SITO NA RÚA DE 1º TRANSVERSAL DE ALOQUEIRO Nº. 16, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D^a. JOSEFINA BAZ VERDE, R.E. Nº. 1.872 DE DATA 10 DE ABRIL DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE FERNÁNDEZ ALBOR Nº. 19 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA "CONSOLIDACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN EDIFICACIÓN AUXILIAR DE CABANÓN" DESARROLLADO EN (PLANTA BAIXA), SITO NA RÚA DE FERNÁNDEZ ALBOR Nº. 19, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 3 DO P.X.O.U.) "EDIFICACIÓN MIXTA".

A D^a. ANA ÁLVAREZ PRIEGO, R.E. Nº. 878 DE DATA 18 DE FEBREIRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA JULIÁN LÓPEZ Nº. 11-2º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA CONSTRUCCIÓN DE "VIVENDA UNIFAMILIAR" DESARROLLADA EN (PLANTA SOTO E PLANTA BAIXA), SITA NA RÚA DE CASÁS, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "ROSENTES" DA PARROQUIA



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).

A D^a. ALICIA CASTRO ÁLVAREZ, R.E. Nº. 1.971 DE DATA 16 DE ABRIL DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE MARTÍNEZ PADIN Nº. 7-1º B DE TUI-C.P. 36700, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA), SITA NA RÚA DE PASEO DE PORTUGAL Nº. 106, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “O PASAXE” DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

PUNTO 6.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por D. ALEJANDRO FERNANDEZ PAZOS (RE 2.939 de 04/06/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de QUIOSCO DE XELADOS E BEBIDAS (EPIG. 675.1) situado na Praia da Lamiña-Camposancos.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D. ALEJANDRO FERNANDEZ PAZOS licenza municipal nº 19/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de QUIOSCO DE XELADOS E BEBIDAS (Epiq. 675.1) situado na Praia da Lamiña - Camposancos.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



PUNTO 7.- DENEGACIÓN DE LICENCIA

Lese o escrito con RE nº 1.684 de data 2 de abril de 2013, presentado por D. ELIAS GONZÁLEZ LOMBA, con enderezo na rúa Coruto Vello, nº 86 da Guarda, solicitando licencia de obras para construción de garaxe na 4ª Transv. Coruto Vello, s/n da Guarda. Dase conta dos informes do arquitecto municipal de data 25 de abril de 2013 e do asesor xurídico do concello de data 22 de maio de 2013. Dase conta tamén das alegacións presentadas polo solicitante en data 4 de xuño de 2013 e do informe do asesor xurídico do concello de data 6 de xuño de 2013.

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes sinalados, acorda rexeitar as alegacións presentadas e denegar a súa solicitude pola falta de competencia do redactor do proxecto de construción.

Sendo as doce horas e trinta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.